

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE MAIO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Miguel Suárez García
D^a Marta M^a Figueroa Fuentes

NON ASISTE:

D^a Marta M^a Iglesias Becerra

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte minutos do día catorce de maio do ano dous mil dezaioito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Miguel Suárez García e D^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D^a Marta M^a Iglesias Becerra.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 7 DE MAIO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de maio de dous mil dezaioito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por cinco votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Pombo Carril, Varela Corbelle, Iglesias Lovelle e Suárez García) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro e da Sra. concelleira Figueroa Fuentes os cales manifestan que se absteñen por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 7 de maio de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 23 de abril de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2018/19. DOG núm. 89 do 09-05-2018.
- Resolución do 30 de abril de 2018, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrència competitiva e en réxime de concorrència non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de

Galicia para o ano 2018, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas. DOG núm. 91 do 14-05-2018.

- Resolución do 2 de maio de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no Concello de Culleredo (expediente IN407A 2018/009-1). BOP núm. 89 do 11-05-2018.
- Anuncio do 8 de maio de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria dun proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, dun/dunha técnico/a de turismo (persoal laboral temporal). BOP núm. 89 do 11-05-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

“

- Resolución núm. 640 de data do 03/05/2018, pola que se outorga a licenza municipal para posesión de animais potencialmente perigosos, á D. A. B. P.
- Resolución núm. 661 de data do 07/05/2018, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA, dos terreos de dominio público municipal para a acometida de gas natural ao edificio de vivendas na R/. Dereitos Humanos, núm. 7, 9 e 11, da parroquia de Rutis.
- Resolución núm. 662 de data do 07/05/2018, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA, dos terreos de dominio público municipal para a acometida de gas natural en R/. Francisco Largo Caballero, núm. 1-3, da parroquia do Burgo.
- Resolución núm. 663 de data do 07/05/2018, pola que se concede o cambio de material á licenza de taxi núm. 14 deste Concello de Culleredo, para o vehículo Skoda Octavia, matrícula 8606KJX.”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
26/04/18	594	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar. Conceder o servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	M. L. C. V.	Tres horas á semana (agás festivos).
26/04/18	595	Baixa no servizo municipal de Axuda no fogar por libre concorrencia por excederse do tempo máximo sen acreditar causa que xustifique a prórroga da	M. C. B.	

		suspensión.		
--	--	-------------	--	--

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
26/04/18	592	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	E.C.L.	Recibo de luz correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2018 a 15 de xaneiro de 2018.	17,50 €
26/04/18	593	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. A. S. R.	Recibo de electricidade, correspondente ao mes de xaneiro de 2018.	48,23 €
26/04/18	596	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	E. P. O.	Recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2018. Recibo de electricidade, correspondente ao mes de xaneiro de 2018.	58,79 € 28,56 €
26/04/18	597	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	E. I. R.	Recibo de electricidade, correspondente ao mes de marzo de 2018.	81,28 €
26/04/18	598	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. A. G. L.	Recibo de gas, correspondente ao mes de xaneiro de 2018. Recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2018. Recibo de electricidade, correspondente ao mes de xaneiro (48,94 €) e febreiro (55,13 €) de 2018.	9,99 € 54,40 € 104,07 €
26/04/18	599	Conceder unha axuda económica.	Y. M. C.	Recibo de auga correspondente ao primeiro trimestre de 2018, por importe de 70,62 €. Bono de alimentos tipo B durante dous meses e cunha entrega mensual.	320,18 €

C.I.F. P-1503100-H

				Bono de hixiene tipo A durante dous meses e cunha entrega mensual.	
26/04/18	600	Conceder unha axuda económica.	C. L. V.	Recibo de electricidade, correspondente a seis meses de 2018. Recibo de auga correspondente ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2018. Bono de alimentos tipo A, durante seis meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo A, durante seis meses e cunha entrega mensual.	
26/04/18	601	Conceder unha axuda económica.	J. M. C. V.	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de febreiro (230,18 €), marzo (230,18 €), abril (230,18 €) e maio (230,18 €) de 2014. Recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2018.	920,72 €
26/04/18	602	Conceder unha axuda económica.	A.A.G.	Pago de hipoteca correspondente aos meses de xaneiro a xullo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 165€, agas o mes de xullo que será por un importe de 85€.	1.075,00 €
26/04/18	603	Conceder unha axuda económica.	M. A.E.S.	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro de 2017 a setembro de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 100€.	1.000,00 €
26/04/18	604	Conceder unha axuda económica.	H.C.C.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a marzo	1.075,00 €

C.I.F. P-1503100-H

				de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe de 400€, agas o mes de marzo por un importe de 275€.	
26/04/18	605	Conceder unha axuda económica.	S. C. N.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo (400 €), abril (400 €) e maio (275,68 €) de 2018.	1.075,68 €
26/04/18	606	Conceder unha axuda económica.	J. A. V. M.	Pago de recibo de auga correspondente ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2018. Recibo de electricidade, correspondente a seis meses de 2018. Bono de alimentos tipo A, durante seis meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo A, durante seis meses e cunha entrega mensual.	
26/04/18	607	Conceder unha axuda económica.	M. J. R. S.	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de abril (300 €), maio (300 €), xuño (300 €) e xullo (175,68 €) de 2018.	1.075,68 €
26/04/18	608	Conceder unha axuda económica.	R. B. F.	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de febreiro (160 €), marzo (160 €), abril (160 €), maio (160 €), xuño (160 €), xullo (160 €) e agosto (115,68 €) de 2018.	1.075,68 €
26/04/18	610	Conceder unha axuda económica.	N. S.	Pago de aluguer, correspondendo 246 € aos meses de abril, maio e xuño e 219,88 € o mes de xullo de 2018. Pago de recibo de auga, correspondente ao cuarto trimestre de 2017.	957,88 € 117,80 €
26/04/18	612	Conceder unha axuda económica.	Y. D. C.	Recibo de auga, correspondente ao	

				primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2018. Recibo de electricidade, correspondente a seis meses de 2018. Recibo de gas, correspondente a seis meses de 2018. Bono de alimentos tipo A, durante seis meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo A, durante seis meses e cunha entrega mensual.	
26/04/18	624	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	D.D.F.	Pago de recibo de transporte correspondente os mes de marzo de 2018, que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.	42,50 €

C.I.F. P-1503100-H

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
30/04/2018	633	Concesión dunha copia da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade por destrución accidental da anterior.	A.C.L.	10 anos

"

2.2.3.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da Área de Urbanismo:

"RESOLUCIONS DO 05.05.2018

Resolución 658.- Comunicando a M.T.R.F., non ser posible expedir a certificación de inexistencia dun expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmovible, situado na Rúa Leopoldo Blanco Vila, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/233).

Resolución 659.- Concedendo a Promociones Beidame, S.L., a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na Rúa Río Mandeo, núm. 10, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/88)

COMUNICACIÓNS PREVIAS.

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 08 de maio de 2018, a comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ROI XORDO NÚM. 9 para obras de illamento e renovación de fachada no edificio situado en Roi Xordo núm. 9, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/75).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 08 de maio de 2018, a comunicación previa presentada por M.B.C. Para a reforma interior de cuarto de baño en vivenda situada en Rúa Fonte da Balsa, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/76).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 08 de maio de 2018, a comunicación previa presentada por A CEPA KINGSTON, S.L. para obras de acondicionamento interior local hostelería, situada en Avda. de A Coruña, núm. 22, baixo, parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2018/95).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 09 de maio de 2018, a comunicación previa presentada por M.P.L.G., para a substitución de alicatado de cociña en vivenda situada en Praza Daniel Rodríguez Castelao, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/99).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 09 de maio de 2018, a comunicación previa presentada por M.A.S., para cambio de solado e alicatado de cociña e baño dunha vivenda unifamiliar situada na Rúa Laxe, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/100)."

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:

EDUCACULLEREDO 2017/2018

ACTIVIDADE: Roteiro didáctico polos vestixios do pasado I.: Torre de Celas.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 15 de maio.

Horario: 10:00- 13:00 h.

Colexios participantes: Ría do Burgo.

Curso: 3º EP.

Nº participantes: 75.

Lugar: parque da Torre de Celas.

ACTIVIDADE: Roteiro didáctico polo patrimonio natural.Rio Trabe.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 18 de maio.

Horario: 10:00-13:00 h.

Colexios participantes: Ría do Burgo.

Curso: 2º de Educación Primaria.

Lugar: último tramo do río Trabe.

Participantes: 54.

ACTIVIDADE: Concerto didáctico interxeracional de primavera.

Programa: Dinamización comunitaria.

Colaboración coa Concellería de Benestar e Igualdade.

Datas: 14 de maio.

Horario: 10:30-11:30 h.

Colexios participantes: Ría do Burgo, Díaz Pardo e A Ponte Pasaxe.

Curso: 6º de Educación Primaria.

Lugar: Salón de actos do Conservatorio Municipal de Música de Culleredo.

Participantes: 127.

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 14 DE MAIO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:
Marisa Irimia: *Brétemas e sopiñas con canela*.
De 4 a 12 anos. Recollida de invitacións.

LUNS 14 DE MAIO

Andar C do Conservatorio de Música de Culleredo. 18.30 h:
CONCERTO EXPRES, con alumnos/as de iniciación e 2º de Grao Elemental.

MARTES 15 DE MAIO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:
Mago Martín Camiña: *Maxia con ilusións por e para María Victoria Moreno*.

MÉRCORES 16 DE MAIO

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:
Contaconto de Trinke Trinke: *Avós*.
A partir de 3 anos. Entrada libre.

MÉRCORES 16 DE MAIO

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:
ACTO POLO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

MÉRCORES 16 DE MAIO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:
Teatro do Atlántico: Recital poético-musical *De abrentes e ocasos*.

XOVES 17 DE MAIO

Praza Europa do Burgo. De 12.00 a 20.00 h:
DÍA DAS LETRAS GALEGAS. FEIRA DE ARTESANÍA.
50 artesáns de diversas localidades.
12.30 h: Actuación dos grupos folclóricos *Catalmibre* e *Ancoradoira*.
12.00 a 14.00 e 16.00 a 20.00 h: Obradoiros infantís de artesanía e animación infantil.
19.00 h: Actuación do mago Dani García co espectáculo *Código*.

VENRES 18 DE MAIO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:
Contacontos coa Dragóna Ramona: *Inés do revés*.
A partir de 3 anos. Entrada libre."

2.3.- SENTENZA DA SALA DO SOCIAL DA CORUÑA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, RECURSO SUPLICACIÓN 4733/2017.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do recurso de suplicación 4733/2017 da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra a sentenza do Procedemento Ordinario 885/2014 do Xulgado do Social núm. 2 da Coruña, desestimando o recurso de suplicación formulado por P.C.P. contra a sentenza ditada o 30-06-2017 polo Xulgado do Social núm. 2 da Coruña sobre cantidades e xornada contra o Concello de Culleredo, resolución que se mantén na súa integridade.

Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de casación para unificación da doutrina.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00F7	USG/2018/70
Código de Verificación Electrónica (COVE)  335T 500Q 553S 0T19 0YPN	

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H